

**ORDE do 20 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo e se convocan axudas para o ano 2026 (código de procedemento MT815A). Consellería do Medio Ambiente e Cambio Climático. DOG N° 233, 02/12/2025**

## Obxecto e finalidade

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas destinadas a compensar as persoas titulares de explotacións gandeiras polos danos ocasionados polo oso pardo, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2026.

## Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias as persoas titulares de explotacións gandeiras que figuren **incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) de Galicia**.
2. No caso de **danos ás colmeas**, estas deberán estar **identificadas individualmente co código da explotación**, nun sitio visible e de forma lexible, mediante unha marca indeleble.

No resto dos casos, deberase cumprir cos requisitos sanitarios establecidos nos programas de control, vixilancia e erradicación de enfermidades que poden afectar as especies gandeiras, así como estar identificado, de acordo coa normativa de aplicación.

## Actuacións subvencionables

No prazo máximo de **tres (3) días hábiles desde que se produza o dano**, as persoas beneficiarias deberán poñelo en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático mediante unha **chamada, no horario hábil, ao teléfono 012**.

O horario hábil de atención telefónica é desde as 8.00 ata as 20.00 horas de luns a venres, e desde as 8.00 ata as 17.30 horas, os sábados.

Recibida a comunicación do dano, o persoal da escala de axentes facultativos ambientais comprobará os feitos e as circunstancias dos danos, **elaborará a correspondente acta** e dará traslado do resultado da comprobación ao Servizo de Patrimonio Natural

## Ambito temporal

As axudas ás que se refire esta orde comprenden os danos ocasionados polo oso pardo que se produzan desde o **1 de outubro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026**.

## Contía da axuda

O importe das compensacións dos danos establecerase en función das contías establecidas no **anexo I da orde**.

No caso de feridas ocasionadas ao gando, a valoración será a que resulte dos gastos veterinarios resultantes pola cura, tratamento e medicamentos, ou no caso de animais que

tras o tratamento prescrito morran a consecuencia das feridas producidas, poderá superrar o límite das contías previstas no anexo I da orde (ver orde de axudas).

### **Prazo de presentación das solicitudes de axuda**

- a) Para os danos que fosen comunicados entre o 1 de outubro de 2025 e o 3 de decembro de 2025, o prazo de presentación será do **3 de decembro de 2025 ao 3 de xaneiro de 2026**.
- b) Para os danos ocasionados dende o 3 de decembro de 2025, o prazo de presentación será de **1 mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano**.